



RESOLUCION DA ALCALDIA

Visto que nos Orzamentos municipais para o exercicio 2020 se consignaba a aplicación 341.480 cun importe de 7000 para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa a: Club Deportivo Alfoz.

En data 06 de agosto de 2020(RE 264), o 03 de setembro de 2020(RE 329) e 11 de setembro de 2020(RE 348) presentouse polo representante do Clube solicitude de subvención para os costes da tempada 2019 2020, con aportación sucesiva de documentación .

Con data 17 de setembro de 2020 , emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións, así como se indicaba que a documentación xustificativa do importe solicitado era completa e tiña unha serie de erros.

Logo de requerimento tras dictarse Decreto de enmenda de data 04 de outubro de 2020(nº 621/2020) , polo interesado se efectúa mellora voluntaria da solicitude de subvención nominativa, mediante a aportación da documentación requerida, así como corrección dos erros na identificación da tempada (2019/2020) subvencionable.

Á vista do expediente tramitado, da Ordenanza Municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, por esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN :

PRIMEIRO. Outorgar ao Club Deportivo Alfoz , con cargo á aplicación 341.480 do orzamento de gastos da Corporación, a seguinte subvención nominativa pola actividade: ACTIVIDADES DEPORTIVAS CLUB DEPORTIVO ALFOZ TEMPORADA 2019/2020 , por importe de 7.000 euros. (sete mil euros).

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e o





pago por un importe de 7.000 euros , con cargo á aplicación orzamentaria 341.480, da que existe documento de Retención de Crédito RC 2451 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO. Publicar a concesión na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme o artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

QUINTO.- Aprobar as bases reguladoras da presente subvención :

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN

En data 06 de agosto de 2020 , n.º RE 624, recibíuse instancia de solicitude de subvención asinada por Don Jacobo Rivas Val, provisto de DNI ***8363*-, actuando como Presidente en representación da Asociación Club Deportivo Alfoz, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións de Alfoz co número 11, e provista de CIF G-27032390. A citada solicitude foi obxecto de mellora voluntaria polo interesado en datas 3 e 11 de setembro, sen requerimento previo, e en datas 28 e 30 de setembro de 2020, logo de requerimento.

No citado escrito se indica que para o PROXECTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CLUB DEPORTIVO ALFOZ TEMPADA 2019/2020 solicita a concesión de subvención por importe de 8.000 euros.

Esta actividade obxecto da subvención é realizada por estas entidades:

Nome da entidade	Obxecto social
CULB DEPORTIVO ALFOZ	Fomento e práctica de actividade física e deportiva
	Expediente 226/2018 Rexistro Municipal de Asociacións n.º





	inscripción 11
	Decreto Alcaldía 871/18 de 14/12/18

Á súa vez, segundo consta na documentación aportada xunto coa solicitude , queda acreditado que as referidas entidades áchanse ao corrente no cumprimento das súas obrigación tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nas bases reguladoras da subvención, así como nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Visto que, dentro do Plan Estratéxico de Subvencións 2020/2023 deste Concello, está prevista a liña :

5.1. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA, A XUVENTUDE E O FOMENTO TURISTICO .

a)Obxetivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello , con fins de carácter cultural, deportivo, xuvenil y turístico.

b)Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calqueira outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.*
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.*
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.*
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.*
- Fomentar la promoción del deporte federado das entidades deportivas .*

c)Prazo de execución: Anual

d)Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2020-2023 serán





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

ata o máximo da disponibilidad das consignacions orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedimiento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento e para as axudas directas extraordinarias por razóns de interés público, social, económico ou humanitario.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizaráse mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria , e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o otorgamento de subvencións nominativas.

Á vista do orzamento xeral deste Concello para o exercicio 2020 , en concreto as Bases de Execución do orzamento que recolle na Base 33, subvencións nominativas a que segue: Club Deportivo Alfoz , tempada equipo de fútbol (7.000 euros) , polo que se efectuou consignación na aplicación orzamentaria 341.480.

Considerando que no expediente 299/2019 concedeuse subvención á citada entidade para os costes federativos da tempada 2018/2019 , se entende xustificado que os costes subvencionables no presente expediente sexan polos costes da tempada 2019/2020.

Así pois, e de conformidade co disposto no artigo 27 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, en concordancia co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e conforme ao establecido no artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases de Réxime Local,





RESOLVO

PRIMEIRO. Que o obxecto da subvención é **ACTIVIDADES DEPORTIVAS CLUB DEPORTIVO ALFOZ TEMPADA 2019/2020.(xullo 2019 a xuño 2020): Segunda Autonómica (grupo 6) e Copa Deputación de Lugo 2019/2020** , xa realizados e amparables ao abeiro do artigo 2 Lei 9/2007 de subvencions de Galicia .

SEGUNDO. Que o beneficiario da subvención é a entidade CLUB DEPORTIVO ALFOZ , provisto de CIF G-27032390 , inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións co n.º 11, logo da Resolución de 14 de decembro de 2018 , correspondéndolle una contía individualizada de 7.000 euros de acordo coa asignación orzamentaria 341.480 e a conta xustificativa definitiva presentada.

TERCEIRO. Que o crédito orzamentario ao que se imputa o gasto é 7.000,00 euros, e contía da subvención é 7.000 , polo que non se está excedendo o crédito consignado nin o establecido en termos de máximo nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2020, pese que os costes xustificables netos imputables á subvención ascenden a 7.444,32 euros .

CUARTO .- A presente subvención resulta compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTO . O importe da subvención abonarase con cargo aos créditos que figuran no orzamento de gastos, aplicación orzamentaria 341.480, destinados a tales fins e o pago realizarase a favor da entidade beneficiaria con cargo ao exercicio 2020, previa verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para o pago de subvencións na normativa vixente.

En calquera caso, previo pago da subvención a entidade beneficiaria terá que acreditar que se atopa ao corrente no



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

cumprimento das súas obrigación tributarias e fronte á Seguridade Social. Pola entidade beneficiaria se aporta certificados de estar ao corrente emitidos en data 6 de agosto de 2020 , con validez de 6 meses.

SEXTO.- Tendo en conta que coa solicitude da subvención pola entidade beneficiaria se acompaña conta xustificativa asinada por quen ostenta a representación legal do beneficiario, se entende que concorre a causa extraordinaria indicada no artigo 15 da Ordenanza Municipal reguladora da concesión de subvencións polo Concello de Alfoz para non formalizar convenio específico, actuando a Resolución de Concesión a modo de bases reguladora das mesmas.

A conta xustificativa presentada está formada por:

a) Una memoria de actuacións, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz , con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e das desviacións acontecidas respecto dos resultados previstos.

b) Una memoria económica, que contén unha relación numerada secuencialmente dos gastos realizados, ordenada por partidas orzamentarias, xunto cos xustificantes de pago correspondentes, así como o orzamento total das actividades subvencionadas mediante un cadro de ingresos e outro de gastos nos que as cantidades finais deben coincidir, e/ou ter un saldo negativo respecto dos ingresos.

O importe total dos ingresos, non supera o total dos gastos necesarios para a realización da actividade. (11.347,72 euros *versus* 3903.40 euros).

SEXTO . Que o beneficiario xustifica o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos nesta resolución de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A tal fin, os compromisos asumidos polas partes na presente concesión de subvención son:

6.1. Compromisos adoptados polo beneficiario.

1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2) Ter xustificadas as subvencións concedidas por este Concello en convocatorias ou expedientes anteriores, relativos a calquera clase ou tipo de área de actuación.

3) Asumir as responsabilidades que a organización do proxecto ou actividade comporte, e subscribir as oportunas pólizas de seguro que garantan a dita responsabilidade.

4) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

5) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais, como comunitarios, autonómicos ou municipais, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6) Comunicarlle ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

7) Acreditar, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución da concesión, que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados emitidos polas administracións públicas nacionais e autonómicas competentes.

8) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases e acordos reguladores das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

9) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

poidan ser obxecto de control e comprobación.

10) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

11) Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións, que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Alfoz. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Alfoz e, así mesmo, nas bases e acordos reguladores da subvención farase constar a forma e instrumentos a través dos que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello.

12) Aceptala subvención concedida, que se entenderá aceptada se os beneficiarios non se opoñen ou as rechazan, expresamente, no prazo de dez días hábiles contados dende a notificación da súa concesión.

6.2. Compromisos adoptados pola entidade concedente:

A xestión das subvencións realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello de Alfoz.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- d) O pagamento dentro do prazo legalmente establecido da subvención concedida.

Non se prevén pagos anticipados por tratarse de actividades xa realizadas.

e) Cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na lexislación vixente, especialmente na Base Nacional de Subvencions.

SEPTIMO .- Non se prevé prórroga.

OCTAVO.- O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, na Ordenanza Xeral de subvencións de Alfoz, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

En Alfoz, na data da sinatura electrónica
O Alcalde- Presidente
Asdo. Jorge Val Diaz.



Cod. Validación: 4M9MDZD7FKZ8P9YESF3EJ2G7Z | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9